

ANUNCIO

Contratación de 1 Axente Auxiliar de Desenvolvemento en réxime de persoal laboral fixo indefinido, proceso estabilización Lei 20/2021 (2022/E001/000045)

O día 01/03/2025 mediante a Resolución da Alcaldía, núm. 263/2025, resolverse:

PRIMEIRO

Aprobar a proposta de contratación para a cobertura en propiedade de 1 praza convocada de axente auxiliar de desenvolvemento local (C32), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, elevada a esta Alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 27/05/2024, do seguinte teor literal:

"...Declarar que ten superado o proceso selectivo a aspirante que a continuación se relaciona, e propor á Alcaldía para que sexa seleccionada para a cobertura en propiedade de 1 praza de axente auxiliar de desenvolvemento local (C32) e adquira a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:

DNI, Nome e apelido	Puntuación total
***6593** Rodríguez Rey, María Aurora	100,00

"

SEGUNDO

Aprobar a contratación en réxime de persoal laboral fixo, cun contrato laboral fixo indefinido como axente auxiliar de desenvolvemento local do Concello de Rianxo, e deixar en suspenso a súa formalización ata a súa alta médica.

A formalización da contratación realizarase no destino que se indica, tendo este o carácter de definitivo, de conformidade co establecido na Base Décimo Segunda.3.1 xa que na dita praza só hai un posto a adscribir e faise a favor da persoa que obtivera a praza obxecto da convocatoria:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación Acadada	% xornada	Adscripción Definitiva
Rodríguez Rey, M ^a Aurora	***6593**	100,00	100 %	Departamento de Persoal e Emprego

TERCEIRO

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

Publicar esta Resolución no BOP e DOG, así como no taboleiro de anuncios (físico e electrónico), e páxina web municipal, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás persoas interesadas.

CUARTO

Comunicar esta resolución á persoa interesada e dar traslado ao Departamento de Persoal e Intervención para que realicen os trámites oportunos, así como ao Comité de Empresa do Concello de Rianxo para o seu coñecemento.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo, luns 17 de marzo de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín